

Libros

Nikki Keddie, "Las raíces del Irán moderno", Belacqva de Ediciones y Publicaciones S.L, 2006, 484 páxinas.

A pesar de ser un país clave no acontecer político de Oriente Medio, Irán segue a ser un auténtico descoñecido para o mundo occidental. Non só polo tradicional hermetismo do réxime teocrático islámico que alí goberna, senón polas contraditorias percepcións que no mundo occidental existen cara este país. A escasa literatura existente en Occidente sobre historia, política e sociedade iraniana afonda aínda máis este baleiro de coñecemento.

Na súa segunda edición española, o libro de Nikki Keddie, profesora de Historia na Universidade de California, nos remite a un auténtico clásico sobre a historia de Irán e Oriente Medio. Inicialmente publicado en 1981, aínda coa imaxe fresca da revolución impulsada polo aiatolá Ruhollah Khomeini, Keddie se esforza en presentar unha radiografía da evolución política e social iraniana desde comezos do século XIX ata o derradeiro goberno de Khatami, pretendidamente máis liberal e reformista.

Obviamente, o libro non está exento de enfoques non convencionais, o cal é garante da autenticidade intelectual da autora. O prólogo desta segunda edición española, publicado en febreiro de 2006, actualiza o acontecer político nacional coa vitoria de Mahmud Ahmadíneyad, o preliminar retorno ao conservadorismo e a "liña dura", en detrimento da vía reformista que marcou o período de Khatami. Pero, probablemente por motivos de data de publicación, Keddie non afonda nos alcances do programa nuclear iraniano, factor actual de tensións e controversias no mundo post-11/S.

¿Cómo se analiza ou interpreta o Irán actual, enfrascado nunha complicada disputa con EEUU, Europa occidental e Nacións Unidas con respecto ao seu programa nuclear? Neste sentido, Keddie recalca os motivos de seguridade nacional que obrigan a Teherán a levar adiante este programa, aínda que polemiza sobre o alcance dos sectores conservadores ante os inevitables cambios na política e sociedade iraniana, principalmente impulsados pola mocidade, pouco despois da morte do aiatolá Khomeini.

A modo de advertencia, afirma que o futuro político do país depende, en gran medida, da percepción que EEUU e os seus aliados teñan cara os procesos de cambio que vive Irán e dos seus imperativos xeopolíticos. Keddie desentraña o conflito de poderes interno, onde o presidente Ahmadíneyad debe nivelar o elevado poder dos aiatolás Khamenei e Rafsanjani. Isto complica moitas das variables sobre o futuro iraniano.

A análise histórica ofrece unha completa bagaxe sobre os cambios na sociedade iraniana desde o século XIX (momento en que identifica o proceso de moderni-

zación nacional), a súa influencia no pensamento político e os intentos do país por manter a súa soberanía ante o empuxe imperialista ruso e británico. Precisamente, a ambición imperial europea cara a estratéxica posición xeopolítica iraniana determinou, segundo a autora, a configuración do pensamento político nacional e a reafirmación da súa identidade.

Esta poxa entre Irán e as potencias occidentais se afianzou no século XX. A constitución de Irán na década dos vinte, a súa preponderancia petroleira para as potencias occidentais e o predominio da monarquía ditatorial dos Pahlavi permiten analizar moitas das variables que explican as razóns do triunfo da revolución islámica de 1979.

Aínda máis interesante constitúe a análise do Irán de Khomeini e o posterior á súa morte, rompendo cos esquemas monolíticos sobre os verdadeiros factores de poder iranianos. Contrario á difusión occidental dunha imaxe negativa sobre o proceso revolucionario islámico, Keddie explica en que forma este constituíu un aporte ao proceso histórico de modernización nacional, especialmente en áreas como a educación, a sanidade, a urbanización ou as relacións familiares, sen esquecer a análise doutros factores como a diversidade étnica e relixiosa, a complexa estrutura socio-política e o importante papel da muller.

Irán é tan laica como clerical, tan diversa como unitaria. Pero o cambio democrático que Occidente desexa para o país pode terminar sendo prexudicial, porque só procederá da dinámica interna. Keddie semella advertir dos riscos dunha nova intromisión externa nos designios iranianos, a pesares dos plans que en Washington se formulan para un convulsionado Oriente Medio.

Roberto Mansilla Blanco.

Cristina Marcano e Alberto Barrera Tyszka, "Hugo Chávez sin uniforme. Una historia personal", Editorial Debate, 2006, 368 páxinas.

Non é doado realizar unha biografía sobre un líder cuxo impacto e, neste caso, cuxa revolución, están en fase de pleno desenvolvemento e consolidación. A Venezuela de Hugo Chávez xera todo tipo de reaccións e controversias, dentro e fóra do país, sobre un líder e un proceso de cambio inéditos dentro dun contexto latinoamericano que vive tempos acelerados de transformación.

Dous xornalistas, Cristina Marcano e Alberto Barrera Tyszka, intentan desentrañar a natureza e a complexa personalidade de Hugo Chávez, amais do alcance, aínda sen calcular, da súa alternativa revolucionaria "bolivariana", hoxe adaptada ao "socialismo do século XXI".

O libro pódese considerar unha diagnose equilibrada aínda que non menos polémico. Orixinalmente concibido pouco despois do triunfo de Chávez no referen-

do revogatorio de agosto de 2004, na súa actual edición española, o texto contén un apéndice final en que se resaltan os principais acontecementos, políticos e electorais, ata comezos de 2006. Un proceso en que os autores acertan en analizar o énfase de Chávez en afondar a súa atención na política internacional, as posibilidades de expansión da revolución bolivariana e o crispado enfrontamento (principalmente retórico) co goberno de George W. Bush.

Hugo Chávez sin uniforme... vén a presentar unha radiografía bastante completa, baseada nunha interminable bibliografía de datos e entrevistas persoais, non co propio personaxe pero si co seu entorno: familiar, afectivo, político, intelectual, social e militar. O factor persoal é significativo e supón a base do libro: pasean polo Chávez da Academia Militar, o seu pensamento ideolóxico e político, xunto ao tenente coronel en proceso de conspiración do fracasado intento de golpe do 4 de febreiro de 1992. O Chávez preso na cárcere militar de Yare, o seu indulto e posterior presentación como candidato presidencial. Por último, o Chávez presidente dun país polarizado e imprevisible pero que semella dar un xiro definitivo na súa historia contemporánea.

Precisamente, a complexa personalidade de Hugo Chávez e os convulsionados acontecementos de Venezuela nos sete anos da súa presidencia non permiten cualificar, na súa xusta medida, un panorama socio-político caracterizado pola polarización e a incerteza.

Velaí a pregunta que formulan Marcano e Barrera: "¿Quen é, en definitiva, Hugo Chávez? ¿É un verdadeiro revolucionario ou un neopopulista pragmático? ¿Ata onde chega a súa sensibilidade social e ata onde alcanza a súa propia vaidade? ¿É un demócrata que intenta construír un país sen exclusións ou un caudillo autoritario que secuestrou o Estado e as súas institucións? ¿Acaso pode ser esas dúas cousas ao mesmo tempo? ¿Quen é este home que axita un crucifixo mentres cita ao Che Guevara e a Mao Tse Tung? ¿Cal de todos os Chávez que existen é o máis auténtico?".

Menos enigmático é o momento que está a vivir Venezuela e Chávez, en particular, xa que semella existir unha sólida consolidación da revolución bolivariana. A dilixencia política da oposición atópase dividida e aletargada ante o fenómeno político "chavista". Tomando en conta que o 2006 é ano electoral, debido ás eleccións presidenciais no próximo decembro, Chávez e a oposición comezan a encamiñar as súas estratexias de poder.

Sen minorar a polarización interna, Chávez goza dunha cómoda popularidade e altos prezos do petróleo que lle permiten engrosar o orzamento nacional, catapultar as misións sociais e manexar unha activa política exterior, incluso con dotes propagandísticas, que lle permitiron ser considerado o "líder rexional máis influínte do 2005". Neste momento estelar e ante un novo reto electoral, Chávez outra vez semella confiado no seu triunfo.

Pero a imprevisible Venezuela e o seu proceso de cambio formularán novos retos para un Chávez que, albiscando o futuro, enxerga temporalmente o seu poder

ata o ano 2030. Esta marcada ambición permite a Marcano e Barrera Tyszka cualificar a Chávez como un obseso polo poder.

Non deixa de ser curioso e significativo que o prólogo deste libro tivera a firma de Teodoro Petkoff, ex-guerrilleiro, ex-ministro e actualmente editor dun dos máis coñecidos medios de comunicación, críticos coa xestión de Chávez. Petkoff, quen incluso foi asesor do presidente en materia comunicativa nos momentos posteriores aos sucesos do 11 de abril de 2002 que apartaron momentaneamente a Chávez da presidencia, acaba de anunciar a súa candidatura presidencial contra Hugo Chávez para as próximas eleccións de decembro. Posiblemente, un elemento máis para o atractivo do libro de Cristina Marcano e Alberto Barrera Tyszka.

Roberto Mansilla Blanco.

Haro Navejas, Francisco Javier (coordinador), "Diversidad en el mundo: Multiidentidades del siglo XXI", Universidad Anáhuac, México Sur, 2005, 128 páxinas.

A reflexión que nos propón este breve pero intenso libro coordinado por Francisco Haro é a defensa da diversidade, un debate transcendental no mundo en que vivimos, onde as resistencias contra a homoxeneidade e a homoxeneización das colectividades humanas están a atravesar a fronteira das feblezas, das posicións de inferioridade, para se afirmaren como un valor positivo que non só cómpre preservar senón tamén promover de forma decidida, sen medo ningún e apreciando a riqueza incorporada pola complexidade identitaria.

Como afirma o propio coordinador da obra, a diversidade é o destino, e para demostralo sumou á súa propia reflexión (centrada na situación dos musulmáns en China), os interesantes estudos achegados por Laura Carballido (etnicidade e rebelión na India), María del Socorro Herrera (vínculos e identidade panafricana), Imtiaz Hussain (a problemática kurda), e Joaquín Beltrán (os chineses en España).

Pero non só se trata da reivindicación da asunción da diversidade como un fenómeno universalmente desexable e enriquecedor, senón tamén da crítica de escenarios concretos onde esa pluralidade adopta as formas dun pronunciado desequilibrio en termos de poder e de caracterización sociocultural, establecendo parámetros reduccionistas (culturais) e/ou tinxidos de prexuízos económicos (atraso e incapacidade para acompañar eficazmente a modernización).

A través dos estudos de casos presentados, do particular ao común, desenláñanse as diversas problemáticas que afectan aos diferentes actores e ás súas

relacións co poder. Alertando sobre o feito de que a construción étnica é un proceso que nunca acaba e que forma parte do debate cotiá en aspectos esenciais como a educación, onde os cantos formais á tolerancia adoecen aínda dunha argumentación histórica que tanto ben faría para reforzar as invectivas filolóxicas cunha atención ós procesos de construción social que necesariamente debe ser transgresora.

A historia, o marco legal, as estruturas de poder, o estado do social e os fenómenos relixiosos son factores todos eles abordados en cada un dos traballos, alertando sobre a complexidade, e mesmo a tortuosidade, que envolve as expresións de diversidade obxecto de análise, cunha fluidez que revela as contradicións presentes nas respectivas sociedades e o crisol cultural que pode chegar a conformarse pola acción interactiva das diferentes tradicións. Esa pluralidade de ópticas axuda e moito a comprender a evolución das identidades a través de procesos nunca sinxelos, mesmo a veces violentos, en conflito con outras, a miúdo excluíntes.

A lexitimidade das identidades constrúese desde diferentes ámbitos, tamén desde o discurso e a acción política. O exemplo africano, abordado por Socorro Herrera, portador de ideas, proxectos e prácticas de resistencia e emancipación, debe ser reivindicado fronte á imaxe predominante e tradicional de submisión e pasividade. No caso curdo, esa lexitimidade ten fondas raíces históricas, sempre condicionada pola complexa xeopolítica da rexión de enclave que serviu (e serve) de falaz argumento aos países veciños e acurralladores. Fuxindo do simplismo, Imtiaz Hussain detalla as axendas e intereses particulares dos actores con influencia na zona, desenredando a poderosa trama que dificulta a emerxencia da súa identidade con forza plena en tanto non se altere o delicado equilibrio subxacente entre os poderes rexionais e extrarrexionais.

Pola súa banda, Joaquín Beltrán, a partir do caso español que tan ben coñece, analiza a transnacionalidade dos chineses residentes no exterior, cunha identidade preservada na vida cotiá, nas súas relacións e contactos, recreando espazos propios que superan os acoutados límites dos territorios onde residen. O autor detalla as representacións que permiten o que chama a *resinización*, un proceso en alza, ao igual que a emigración, animada por redes cada vez mellor organizadas. Abundando en aspectos como a orixe xeográfica ou a cuestión lingüística, traza un completo retrato do funcionamento das dinámicas de integración na sociedade receptora.

Unha obra, pois, a pesar da pluralidade de voces, moi coherente no seu discurso e rigorosa na súa fundamentación e exposición, dobremente valiosas pola difícil síntese que os autores deberon materializar nun tema sempre delicado de abordar. É de agradecer, por último, que a complexa problemática descrita non impida o optimismo respecto do futuro das identidades.

Xulio Ríos.

David M. Lampton, "The Making of Chinese Foreign and Security Policy in the Era of Reform", Stanford University Press, California, 2001.

Este volume prové unha visión acerca dos cambios que se producen na política exterior de China durante a época da reforma e as implicacións desas mudanzas no futuro comportamento deste país no escenario internacional. Tendo en conta as contribucións de aproximadamente unha ducia de especialistas que recollen unha extensa investigación sobre China, Corea do Sur e Taiwan, esta obra é un rigoroso estudo acerca de como se formula e activa a política exterior e de seguridade chinesa.

Máis alá dos cambios de liderado que comezaron no 2002, ao tempo que o 16º Congreso do Partido Comunista, a formulación da política é guiada por unha mestura de regras de corte tradicional e outras medianamente máis novas, conformando ambas unha gran complexidade nos mecanismos de toma de decisións e sufrindo o proceso de adaptación do país dentro da área das relacións internacionais.

No seu capítulo preliminar, David Lampton identifica as catro tendencias dominantes, que no seu parecer son indiscutibles. Estas son a profesionalización, a pluralidade empresarial, a descentralización e a globalización. A primeira, a profesionalización da elite, sufriu un proceso de transición que se pode describir mediante as palabras de Lu Ning: "a aparición de Jiang Zemin, Li Peng e Zhu Rongji no centro do poder político representa a transición dos líderes políticos chineses dunha xeración de políticos revolucionarios a unha xeración de políticos tecnócratas".

A pluralidade, tanto empresarial como institucional, está marcada por unha gran conciencia pública sobre os conflitos de interese que preocupan as principais burocracias que participan na formulación da política exterior e de seguridade (Ministerio de Relacións Exteriores, Ministerio de Comercio Exterior e Relacións Económicas, o Consello Central Militar...), así como unha grande influencia sobre o que considera a opinión pública nesta área.

A descentralización das accións exteriores de China, como avalan o dinamismo internacional das provincias e as grandes cidades chinesas, aumentou a crecente influencia das corporacións locais nun certo número de decisións relacionadas coa política exterior –en particular, na esfera cultural e económica e nas cuestións de fronteiras–. Finalmente existe o impacto obvio da globalización na actitude adoptada por Beijing nun certo número de áreas, como o control de armas ou a Organización Mundial do Comercio (OMC).

As conclusións que alcanza o editor, así como case todos os colaboradores, son perfectamente claras: a política exterior chinesa, así como as súas prioridades en política interna –en particular, o desenvolvemento económico e a estabilidade social– e tamén a preocupación por establecer unha imaxe internacional dun estado que teña respecto polo dereito internacional, defendendo o que o liderado da República Popular de China considera como interese nacional.

Así Beijing dá o primeiro e máis destacado respaldo aos réximes internacionais que non están directamente enfrontados cos seus propios intereses. Neste senso, o capítulo de Elizabeth Economy mostra perfectamente porque China escolleu adoptar unha actitude que poderíamos describir como pouco cooperativa en termos de protección medioambiental. Non obstante, a forza de varios compromisos internacionais e tamén pola presión dos Estados Unidos, un país que necesita para o seu desenvolvemento, China embarcou no que parece ser un curso "táctico" de cambio nalgunhas áreas que gradualmente se están a converter en "estratéxicas", debido á súa repercusión no crecemento, se se produce unha retirada.

Moitos non deberían dudar en estender estas conclusións coa entrada de China na Organización Mundial de Comercio. Como Margaret Pearson sinala no seu capítulo sobre as negociacións para a condución de China como membro da OMC, o proceso non foi doado, nin tampouco recibiu un apoio internacional.

A máis asombrosa impresión que ten este traballo é a habilidade do goberno central para manter o control sobre as máis importantes direccións da política exterior e de seguridade. Este punto permanece latente especialmente con relación a Taiwan, como Michael Swaine mostra de forma detallada no seu capítulo. Este mantén tamén a descrición da capacidade do centro para dirixir e incluso manipular a opinión pública. En conexión con este punto, Joseph Fewsmith e Stanley Rosen distinguen no seu capítulo entre tres tipos de opinión pública. Estas son: os líderes do Partido Comunista de China; a *subelite*, os intelectuais e investigadores e, finalmente, o resto da poboación.

Empurrando ao país a ter un papel máis global e a unha posición de primeira liña, a cuestión a miúdo preguntada actualmente é se a China continental, un país case desenvolvido e dirixido por un réxime autoritario, reformou o seu sistema co obxectivo de asumir un papel internacional.

Marola Padín Novas.